



A incorporación ao noso ordenamento xurídico da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior (Directiva de servizos), supuxo cambios importantes no que respecta aos carnés profesionais.

Por outra banda, a Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinaron un acordo de coordinación, de tal xeito que na actualidade Educación asume case todas as xestións relacionadas cos carnés e habilitacións profesionais. Pódese atopar a información na web da dita consellería:

<http://www.edu.xunta.es/fp/carnes-profesionais>

A continuación expóñense de forma resumida as novidades máis significativas:

CARNÉS PROFESIONAIS

Con carácter xeral, a figura do carné profesional desaparece, de tal forma que só hai catro especialidades nas que continúa existindo:

- Carné profesional de instalacións térmicas de edificios
- Carné profesional de operador/a de guindastre torre
- Carné profesional de operador/a de guindastre móbil autopropulsado, categoría A
- Carné profesional de operador/a de guindastre móbil autopropulsado, categoría B

¿Que ocorre coas persoas que tiñan carnés profesionais en especialidades para as que deixa de existir o carné?

Esas persoas seguen estando habilitadas nas mesmas condicións que cando os obtiveron e ademais os carnés pasan a ter vixencia indefinida, polo que non teñen que renovarlos nin realizar ningún trámite.

HABILITACIÓNS PROFESIONAIS

Nas especialidades restantes, é dicir, aquelas nas que desaparece a figura do carné, falamos de profesionais habilitados (instalador/a, reparador/a, operador/a, etc.)

Con carácter xeral, para que unha persoa poida estar habilitada existen as vías seguintes:

- a) Dispoñer dun título universitario cuxo plan de estudos cubra os contidos do regulamento correspondente.



b) Dispoñer dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade cuxo ámbito competencial inclúa os contidos do regulamento correspondente.

c) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, nas materias obxecto do regulamento correspondente.

d) Posuír unha certificación outorgada por unha entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, que inclúa os contidos do regulamento correspondente.

Esta vía d) non está dispoñible para todas as especialidades.

e) Ter superado un exame teórico-práctico ante a comunidade autónoma sobre os contidos do regulamento correspondente.

Esta vía e) non está dispoñible para todas as especialidades.

Se unha persoa encaixa dentro de calquera das vías anteriores, automaticamente está habilitada. Non necesitaría nin podería solicitar ningún documento adicional que corroborase que efectivamente está habilitada.

Por exemplo, se unha persoa ten un título de formación profesional que cumpra co disposto no punto b), o propio título de formación profesional sería o documento que a habilitaría.

Analizamos as especialidades unha por unha:

INSTALADOR/A DE FONTANARÍA

A nivel estatal non existe normativa que regule o carné ou a habilitación como instalador/a de fontanaría.

A normativa autonómica que existía quedou derogada mediante o Decreto 51/2011, do 17 de marzo (DOG núm. 65, do 01/04/2011), de tal forma que na actualidade non existe ningún tipo de habilitación como instalador/a de fontanaría.

Para traballar no ámbito das instalacións de fontanaría non fai falta estar en posesión de ningún carné ou habilitación.



OPERADOR/A INDUSTRIAL DE CALDEIRAS

A habilitación está regulada no Real decreto 2060/2008, do 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de equipos a presión e as súas instrucións técnicas complementarias (BOE núm. 31, do 05/02/2009).

Artigo 13. Operadores de caldeiras.

1. Capacitación do operador.

A condución de caldeiras, debe ser confiada a persoal capacitado tecnicamente.

Os operadores de caldeiras serán instruídos na condución destas polo fabricante, o instalador ou polo usuario, se dispón de técnico titulado competente.

2. Responsabilidades.

O operador da caldeira é o responsable de vixiar, supervisar e realizar o control do correcto funcionamento da caldeira, debendo ser consciente dos perigos que pode ocasionar unha falsa manobra, así como un mal entretemento ou unha mala condución.

Durante o proceso de arranque da caldeira será obrigatorio que esta sexa conducida polo operador desta, non podendo ausentarse ata que se comprobe que o funcionamento da caldeira é correcto e todos os dispositivos de seguridade, limitadores e controladores funcionan correctamente.

Deberá poder actuar de forma inmediata, manual ou remota, en caso de que se dispare a válvula de seguridade ou calquera outra das seguridades da instalación, ata que se restablezan as condicións normais de funcionamento, utilizando os procedementos escritos indicados no artigo 6.2.e.

3. Carné de Operador Industrial de caldeiras.

1. As caldeiras da clase segunda, a que se fai referencia no artigo 3.2 da presente Instrución Técnica Complementaria, de vapor ou de auga sobrequecida deberán ser conducidas por un operador industrial de caldeiras.

2. Para poder realizar a súa actividade o operador industrial de caldeiras deberá cumprir e terá que poder acreditar ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, unha das seguintes situacións:

- a. Dispoñer dun título universitario cuxo plan de estudos cubra os contidos mínimos que se indican no anexo II desta Instrución Técnica Complementaria.
- b. Dispoñer dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial inclúa os contidos mínimos que se indican no anexo II desta Instrución Técnica Complementaria.
- c. Ter superado un exame teórico-práctico ante a comunidade autónoma sobre os contidos mínimos que se indican no anexo II desta Instrución Técnica Complementaria.
- d. Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias que se indican no anexo II desta Instrución Técnica Complementaria.
- e. Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real Decreto 2200/1995, do 28 de decembro, que inclúa como mínimo os contidos que se indican no anexo II desta Instrución Técnica Complementaria.



CARNÉ PROFESIONAL EN INSTALACIÓNS TÉRMICAS DE EDIFICIOS

O carné está regulado nos artigos 41 e 42 do Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (BOE núm. 207, do 29/08/2007).

Poderán obter directamente o carné profesional as persoas que cumpran algún dos requisitos seguintes:

- a. Dispoñer dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do regulamento.
- b. Estar en posesión dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade cuxo contido formativo cubra as materias obxecto do regulamento
- c. Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, que cubra as materias obxecto do regulamento.
- d. Posuír unha certificación outorgada por unha entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, que cubra as materias obxecto do regulamento.

Poderán obter o carné profesional as persoas que superen un exame ante o órgano competente da comunidade autónoma e que ademais cumpran os dous requisitos seguintes:

- a. Ter superado un curso teórico e práctico de coñecementos básicos e outro sobre coñecementos específicos en instalacións térmicas de edificios, impartido por unha entidade recoñecida polo órgano competente da comunidade autónoma, coa duración e o contido indicados nos apartados 3.1 e 3.2 do apéndice 3.
- b. Acreditar unha experiencia laboral de, polo menos, tres anos nunha empresa instaladora ou mantedora como técnico/a.

INSTALADOR/A EN BAIXA TENSIÓN

A habilitación está regulada no Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión (BOE núm. 224, do 18/09/2002).

Mantéñense as dúas categorías que xa existían (básica e especialista).

4. Instalador en baixa tensión.

O instalador en baixa tensión deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa instaladora habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, unha das seguintes situacións:

- a. Dispoñer dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo 842/2002, do 2 de agosto, e das súas Instrucións Técnicas Complementarias.
- b. Dispoñer dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial



coincida coas materias obxecto do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo 842/2002, do 2 de agosto, e dos seus ITCs.

- c. Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo 842/2002, do 2 de agosto, e das súas Instrucións Técnicas Complementarias.

INSTALADOR /A DE GAS

A habilitación está regulada no Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11 (BOE núm. 211, do 04/09/2006).

Mantéñense as tres categorías que xa existían (A, B e C).

2. Instalador de gas.

Instalador de gas é a persoa física que, en virtude de posuír coñecementos teórico-prácticos da tecnoloxía da industria do gas e da súa normativa, está capacitado para realizar e supervisar as operacións correspondentes á súa categoría.

O instalador de gas deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa instaladora de gas habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control e para a categoría que corresponda das establecidas no apartado 2.2 seguinte, unha das seguintes situacións:

- a. Dispoñer dun título universitario cuxo plan de estudos cubra os contidos mínimos que se indican no anexo 1 desta Instrución Técnica Complementaria.
- b. Dispoñer dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial inclúa os contidos mínimos que se indican no anexo 1 desta Instrución Técnica Complementaria.
- c. Ter superado un exame teórico-práctico ante a comunidade autónoma sobre os contidos mínimos que se indican no anexo 1 desta Instrución Técnica Complementaria.
- d. Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias que se indican no anexo 1 desta Instrución Técnica Complementaria.
- e. Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real Decreto 2200/1995, do 28 de decembro, que inclúa como mínimo os contidos que se indican no anexo 1 desta Instrución Técnica Complementaria.



PROFESIONAIS FRIGORISTAS HABILITADOS/AS

A habilitación está regulada no Real decreto 138/2011, do 4 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas e as súas instrucións técnicas complementarias (BOE núm. 57, do 08/03/2011).

Artigo 9. Profesionais habilitados.

1. As instalacións frigoríficas serán realizadas, postas en servizo, mantidas, reparadas, modificadas e desmanteladas por profesionais frigoristas habilitados que deberán cumprir e poder acreditar ante a Administración competente, cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección e investigación, unha das seguintes situacións:

- a. Dispoñer dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do presente Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas;
- b. Dispoñer dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do presente Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas;
- c. Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do presente Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas.

MÁQUINAS PARA A PREPARACIÓN RÁPIDA DE CAFÉ

O novo regulamento de equipos a presión (Real decreto 2060/2008, do 12 de decembro) derogou todas as instrucións técnicas complementarias (ITC) do anterior agás a ITC AP3, referente a xeradores de aerosois.

Unha das ITC que derogou foi a AP14, referente a aparatos para a preparación rápida de café. Derrogouna, pero non a substituíu por outra. No novo regulamento non se contempla nada específico para as máquinas de café. A consecuencia é que os carnés profesionais relacionados con máquinas para a preparación de café desaparecen.

INSTALADOR/A OU REPARADOR/A DE PRODUTOS PETROLÍFEROS LÍQUIDOS

A habilitación está regulada no Real decreto 365/2005, do 8 de abril, polo que se aproba a instrución técnica complementaria MI-IP05 instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos (BOE núm. 100, do 27/04/2005).

Mantéñense as dúas categorías que existían para instaladores/as (I e II) e a que existía para reparadores/as (III).



4. Instalador ou reparador de P.P.L.

O instalador de P.P.L. nas súas diferentes categorías ou o reparador de P.P.L. deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa instaladora ou reparadora de P.P.L., segundo corresponda, habilitada e deberá cumprir e poderá acreditar ante a administración competente, cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, e para a categoría que corresponda das establecidas no apartado 3 anterior, unha das seguintes situacións:

- a. Dispoñer dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real Decreto 2085/1994, do 20 de outubro e desta Instrución Técnica Complementaria.
- b. Dispoñer dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real Decreto 2085/1994, do 20 de outubro e desta Instrución Técnica Complementaria.
- c. Ter superado un exame teórico-práctico ante a comunidade autónoma sobre os contidos mínimos que se indican nos apéndices II, III ou IV, segundo corresponda, desta Instrución Técnica Complementaria.
- d. Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real Decreto 2085/1994, do 20 de outubro e desta Instrución Técnica Complementaria.
- e. Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real Decreto 2200/1995, do 28 de decembro, que inclúa como mínimo os contidos que se indican nos apéndices II, III ou IV, segundo corresponda, desta Instrución Técnica Complementaria.

INSTALADOR/A DE LIÑAS DE ALTA TENSIÓN

A habilitación está regulada no Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT01 a 09 (BOE núm. 68, do 13/03/2008).

Mantéñense as dúas categorías que existían (LAT1 e LAT2).

4. Instalador de liñas de alta tensión.

O instalador de liñas de alta tensión deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa instaladora de liñas de alta tensión habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, e para a categoría que corresponda das establecidas no apartado 3 anterior, unha das seguintes situacións:

- a. Dispoñer dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real Decreto 223/2008, do 15 de febreiro, e das súas Instrucións Técnicas Complementarias.



- b. Dispoñer dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión aprobado polo Real Decreto 223/2008, do 15 de febreiro, e das súas Instrucións Técnicas Complementarias.
- c. Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real Decreto 223/2008, do 15 de febreiro, e das súas Instrucións Técnicas Complementarias.

CARNÉ PROFESIONAL DE OPERADOR/A DE GUINDASTRE TORRE

O carné está regulado no Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, polo que se se aproba unha nova Instrución técnica complementaria «MIE-AEM-2» do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións (BOE núm. 170, do 17/07/2003).

3. Requisitos para a obtención do carné.

A obtención do carné pódese realizar por dúas vías. Por un lado requirirá a concorrencia dos seguintes requisitos:

- a. Ser maior de idade.
- b. Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria (*)
- c. A superación dun curso teórico-práctico impartido por unha entidade acreditada polo órgano competente da comunidade autónoma onde se realice o curso.
- d. A superación dun exame realizado polo órgano competente da comunidade autónoma onde se realizou o curso indicado no parágrafo anterior.

Por outro lado, obterase directamente o carné de gruísta ou operador de guindastre torre cando se dispoña dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do Regulamento de Aparatos de elevación e manutención destes, aprobado polo Real Decreto 2291/1985, do 8 de novembro, e desta Instrución Técnica Complementaria.

En ambos os dous casos, superar un exame médico sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva e aptitudes psicolóxicas.

(*) As titulacións declaradas equivalentes están reguladas nas disposicións seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (disposición adicional trixésimo primeira) (BOE núm. 106, do 04/05/2006)
- Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, modificada pola Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo, pola que se establecen equivalencias cos títulos de Graduado en Educación Secundaria e de Bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. (BOE núm. 146, do 17/06/2009 e BOE núm. 62, do 14/03/2011)



CARNÉ PROFESIONAL DE OPERADOR/A DE GUINDASTRE MÓBIL AUTOPROPULSADO

O carné está regulado no Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba o novo texto modificado e refundido da Instrución técnica complementaria «MIE-AEM-4» do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados (BOE núm. 170, do 17/07/2003).

3. Requisitos para a obtención do carné.

A obtención do carné pódese realizar por dúas vías. Por un lado requirirá a concorrencia dos seguintes requisitos:

- a. Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria (*)
- b. Ter cumpridos 18 anos no momento de realizar a solicitude do curso que se cita no parágrafo c.
- c. A superación dun curso teórico-práctico impartido por unha entidade acreditada polo órgano competente da comunidade autónoma.
- d. A superación dun exame teórico-práctico realizado polo órgano competente da comunidade autónoma na que radique a entidade que impartiu o curso.

Por outro lado, obterase directamente o carné de operador de guindastre móbil autopropulsado cando se dispoña dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do Regulamento de aparatos de elevación e manutención destes, aprobado polo Real Decreto 2291/1985, do 8 de novembro, e desta Instrución Técnica Complementaria.

En ambos os dous casos, superar un exame médico, psicotécnico e físico, específico para este tipo de actividades, que inclúe exame sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva.

(*) As titulacións declaradas equivalentes están reguladas nas disposicións seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (disposición adicional trixésimo primeira) (BOE núm. 106, do 04/05/2006)
- Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, modificada pola Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo, pola que se establecen equivalencias cos títulos de Graduado en Educación Secundaria e de Bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. (BOE núm. 146, do 17/06/2009 e BOE núm. 62, do 14/03/2011)

CARNÉ PROFESIONAL DE PERRUQUERÍA E ESTÉTICA

A nivel estatal non existe normativa que regule o carné ou a habilitación.

A normativa autonómica que existía quedou derogada mediante o Decreto 51/2011, do 17 de marzo (DOG núm. 65, do 01/04/2011), de tal forma que na actualidade non existe ningún tipo de habilitación.

Para traballar no ámbito da perruquería non fai falta estar en posesión de ningún carné ou habilitación.